

**REGULAMENTO XERAL**  
**CAMPIONATO DE GALICIA DE TODOTERREO 2023**

**Artigo 1.-**

A Federación Galega de Automobilismo, establece para o ano 2023 unha Copa Trial 4x4 Todoterreo Galicia para vehículos comprendidos no Artigo 3.

Así mesmo, establécense Copas de Galicia para vehículos dos Grupos P, PM, e M.

**Artigo 2.- ASPIRANTES.**

Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I.

**Art. 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS DE TODOTERREO.**

Haberá 3 categorías de vehículos de 4 rodas motrices, segundo os criterios establecidos no Regulamento Técnico de Trial 4x4 para o 2023, e que serán:

**Artigo 3.1 . Clases de vehículos para TRIAL ESPECIFICO****Categoría P.**

Prototipos con dirección traseira.

As rodas son libres, non importa o tamaño.

Obligatorio barras antivuelco.

Obligatorio 2 bloqueos.

**Categoría PM.**

Prototipos sen dirección traseira.

As rodas son libres, non importa o tamaño.

Obligatorio barras antivuelco.

Obligatorio 2 bloqueos.

**Categoría M.**

Vehículos completamente reformados.

Rodas libres.

Prohibida dirección traseira ou calquera elemento que modifique a posición do eixe traseiro.

Obligatorio barra antivuelco.

Non é posible utilizar eixes pórtico.

En caso de vehículos sen carrozar son obrigatorias as barras antivuel-



co, en caso de vehículos carrozados non será necesario.

Recórdase que si hai unha dúbida coas puntuacións reclamácese antes de asinar, unha vez asinado non se poderá reclamar.

#### **Art. 4.- DEFINICIÓN.**

O trial 4x4 defínese como manobras con vehículos todoterreo de catro rodas motrices dentro dunha competición que se realizan nun percorrido previamente marcado.

Nas competicións de Trial 4x4 serán zonas curtas nas que se levarán a cabo manobras específicas.

### **Artigo 5. DESENROLO DA PROBA.**

#### **5.1.- INSCRICIÓNS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.**

Na competición aplicarase o presente regulamento. Poderase participar con ou sen copiloto pero só se permite un copiloto durante a conducción nas seccións.

É decisión do piloto si o copiloto permanece dentro ou fóra do vehículo durante as zonas; pero si vai dentro do vehículo nunca poderá baixar ou si vai fora non pode subirse ao vehículo mentres realizan cada unha das zonas.

Non se pode utilizar corda nas categorías P e PM, nas outras sí sempre que non se utilizen no sentido da marcha.

- O percorrido constará de seis zonas con máximo de 20 “portas”, en cada proba de trial do Campionato de Galicia.

- As “portas”, para puntuar, terase que finalizar-pasar coas catro rodas por dentro da “porta”.

- Ó inicio de cada “porta” haberá unha estaca a esquerda indicando o número de puntos a acadar.

- Só se puntuará unha pasada por cada “porta”.

- Non serán penalizadas as marchas atras dentro das “portas”.

- Cada equipo participante pode facer dúas pasadas por cada “porta”, opcionalmente, e só puntuará a mellor (unha).

- De repetirse as zonas (mañá e tarde), tipo repesca, escollerase a mellor puntuación de cada zona.

- Cada equipo participante fará dúas pasadas por cada “zona”, obrigatoriamente, e só puntuará a mellor.

#### **5.2.- INSCRICIÓN.**

A inscrición debe realizarse segundo o formulario asignado pola orga-



nización e ten que ser enviado de volta totalmente cuberto dentro do prazo que fixe a organización.

O formulario de inscrición debe ser cuberto completa e lexiblemente. Hanse de cubrir todos os datos solicitados.

Debe ser asinado polo concursante. Os dereitos de inscrición fíxanse en 10 euros, aceptando a publicidade do Organizador, e dereitos dobres se non se acepta a publicidade do Organizador.

### **5.3.- DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN.**

No prazo de inscrición determínase a data e hora límites para realizar a mesma, nese momento todas as inscricións deben de estar en poder do organizador.

Logo da data límite non será posible cambiar a categoría do vehículo. A única excepción faríase en caso de erro ao establecer a categoría.

### **5.4.- DENEGACIÓN DE INSCRICIÓN.**

A organización resérvase o dereito a rexeitar inscricións sen dar razóns.

A inscrición será rexeitada, en calquera caso, si o formulario de inscrición non é entregado ao seu debido tempo e forma ou si a cota de inscrición non foi transferida.

### **5.5.- CONFIRMACIÓN DA INSCRICIÓN.**

A organización pode emitir unha confirmación por escrito aos inscritos.

### **5.6.- ACEPTACIÓN DA INSCRICIÓN.**

Coa aceptación da inscrición, queda establecido o contrato entre a organización e o participante/escudería.

### **5.7.- REXISTRO DO CONTRATO/INSCRICIÓN.**

O contrato/inscrición obriga ao conductor e copiloto (si existe) a participar no evento nas condicións indicadas no anuncio.

### **5.8.- RETIRADA.**

Os participantes están autorizados a retirarse no caso de que se produza a seguinte circunstancia:- A cancelación.

### **5.9.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E ACEPTACIÓN TÉCNICA.**

Os documentos dos participantes e os vehículos teñen que ser revisa-



dos e controlados antes do inicio da competición.

Os conductores que presenten todos os documentos necesarios recibirán un carné de control logo de revisar a documentación por parte da organización.

#### **5.10.- ESTADO TÉCNICO.**

Os vehículos deben cumprir todos os puntos dos requisitos técnicos. Por atentar contra as regras do comisario técnico o vehículo pode ser descalificado.

Despois do inicio da competición e ata o final da mesma, o tipo e o tamaño dos pneumáticos non se pode modificar.

#### **5.11.- ADESTRAMENTOS, INICIO DOS SECTORES E BRIAFING AOS PILOTOS.**

Os adestramentos nos sectores da proba non están permitidos.

Cada persoa só pode realizar cada sector unha vez como piloto.

Logo da comprobación dos documentos, a organización pode determinar en que sección ou en que momento comezará cada participante.

Antes da apertura das seccións, realizarase unha reunión informativa.

#### **5.12.- SUSPENSIÓN DE PRÓBA.**

Si por calquera circunstancia prodúcese a suspensión da proba non se realizarán as cualificacións.

#### **5.13.- FIN DA COMPETICIÓN E CONTROL TÉCNICO.**

A competición termina cando todos os participantes terminaron os sectores ou cando cumpre o límite de tempo anunciado pola organización.

A todos os vehículos que se atopen situados na cola dentro do horario publicado permitiráselles terminar o sector.

Para que isto sexa posible os comisarios deben ter no seu poder os carnés de control dos vehículos que se atopan na cola.

Logo da competición e ata o final do tempo límite de reclamacións, non se permite cambiar nada nos vehículos .

En principio os vehículos colócanse no "parque pechado".

#### **5.14.- ACONTECEMENTOS PARTICULARES OU DESCALIFICACIÓN.**

Os participantes dun evento deportivo de automóbiles teñen a obriga-



ción de comportarse de xeito deportivo e durante a competición. Teñen que actuar con lealtade fronte á organización e absterse de toda acción que poida poñer en perigo os intereses do deporte do automóbil.

Toda violación destas regras de comportamento e das regras deportivas legais pode conducir á descalificación.

Na seguinte lista móstranse as violacións máis importantes destas regras xunto ás posibles consecuencias:

- A participación dos conductores que non están autorizados para empezar ou o intento de participación: Exclusión da proba.
- Conducta negligente: Exclusión da proba.

### **5.15.- RESULTADOS.**

As puntuacións provisionais e as puntuacións finais teñen que ser publicados pola organización polo menos trinta minutos antes da celebración da entrega de premios.

### **5.16.- RECLAMACIÓNS.**

Cada participante ten a posibilidade de presentar unha reclamación contra un vehículo doutro participante da súa categoría, si sospeita que este vehículo non se axusta aos requisitos técnicos do presente Regulamento. En xeral, a carta de reclamación ten que ser entregada na oficina de puntuación establecida pola organización.

O motivo da protesta debe ser claramente visible e entendible, a reclamación será concreta e concisa.

En xeral, a reclamación só pode ser entregada en contra dun vehículo da mesma clase.

### **5.17.- ESTRUCTURA DAS SECCIÓNS E DE PUNTUACIÓNS.**

#### **5.17.1.- ESTRUCTURA DAS SECCIÓNS.**

- Nº máximo de portas por sección- máximo 20. A meta considérase outra porta de penalización.
- Entre as portas non hai limitación nos intentos. O organizador debe definir o tempo máximo para cada sección.
- A "Entrada" ("E") signo debe estar mínimo 4m antes da primeira porta. A "Meta" ("M") signo debe estar mínimo 4m logo da última porta.
- No caixón de meta o vehículo participante ten que deterse totalmente, para que o comisario lle asine o carnet.



### 5.17.2.- REGULAMENTO DE CONDUCCIÓN.

O vehículo deberá conducir no sentido de marcha, non marcha atrás, nas seccións. Todas as portas e sectores teñen que facerse cara adiante desde o inicio dunha sección ata o final.

Outros cambios nas regulaciones poden darse durante o briefing de participantes.

O vehículo será valorado no punto no que está no momento que o tempo acabouse.

Inicio e final dunha sección ten que estar ben marcado. A sección iníciase cando o xuíz e o condutor están listos. O cronómetro comeza cando o vehículo entrou na liña "ENTRADA" ("E").

A sección termina cando o vehículo terminou a liña de "META" ("M"). Isto é válido para as portas dentro da sección.

O organizador será quen defina o tempo máximo por cada sección.

Unha porta consta dunha liña imaxinaria entre dúas estacas, e a porta sempre se debe pasar cara adiante. Si o vehículo pasa da liña imaxinaria na súa totalidade entre as dúas estacas (sen movemento cara adiante), a porta considérase como superada.

### Artigo. 6.- SEGURIDADE.

Extintores deben estar presentes en cantidade adecuadas.

Debe haber un vehículo de rescate e debe ser posible para chamar a un médico de urxencias moi rápidamente.

Unha estrada de acceso e unha saída para os equipos de urxencia deben estar libres en calquera momento.

### 6.1.- SEGURIDADEPARTICIPANTES.

- Obrigatorio uso de casco tanto por piloto como por copiloto.

- Piloto e copiloto deberán levar sempre ben atado o cinto ou arnés de seguridade.

- Unha vez transcorrido o trial os vehículos deberan permanecer no parque pechado ou lugar que a organización destine para este fin.

- O copiloto naquelas zonas nas que non vaia dentro do vehículo deberá permanecer a uns 2,5 m do mesmo e en ningún caso poderá utilizar o seu corpo como contrapeso en contacto directo co vehículo.

### 6.2.- AS ÁREAS PERMITIDAS PARA OS ESPECTADORES.

As seccións deben de ser aseguradas de tal xeito que o espectador non estea en perigo.

Nos lugares perigosos os espectadores deben permanecer detrás



dunha barreira especial ou banda secundaria.

### **Artigo 7.- SEGURIDADE DO PILOTO E COPILOTO.**

**Artigo 7.1** - Tanto o piloto como o copiloto están obrigados a usar durante a proba, cascos, pantalón de traballo (forte), camisa manga longa (forte) e ademais para o copiloto luvas e botas tipo trial de motos.

### **Artigo 8.- SISTEMA DE PUNTUACIÓN.**

A asignación de puntos faise por comisarios responsables da sección. As discrepancias na puntuación deben ser aclaradas inmediatamente e no acto.

Para calquera dúbida cos comisarios poden consultar ao director de carreira. As protestas contra as decisións dos comisarios non están permitidas.

### **Artigo 9.- EXPLICACIÓN DOS PUNTOS DE PENALIZACIÓN.**

No caso de salirse, o vehículo, das cintas de protección ó publico estará descalificado da zona (sen puntuación). Podendo continuar e puntuar noutras zonas.

- No caixon de meta non se deten, está excluído da puntuación total da zona.

.- É obrigatorio pasar meta, e con elo sumaranse 50 puntos.

- Para puntuar en cada proba tense que pasar coas catro rodas por dentro.

### **Artigo 10. PARQUE DE TRABALLO**

#### **Artigo 10.1 -**

O organizador establecerá unha zona especifica de parque de traballo, na que os participantes poderán realizar todo tipo de reparacións nos seus vehículos.

A situación do mesmo virá establecida no regulamento particular da proba. En casos específicos permitirase reparación de urxencia fora deste para poder desprazarse ata dita zona de parque de traballo.

#### **Artigo 10.2 -**

Todas as reparacións serán feitas sobre lonas de protección do terreo e deberán recoller tódalas pezas e restos orixinados polas mesmas, deixando todo limpo e recollido.



O incumprimento deste artigo suporá a exclusión da proba, e con posterior traslado da denuncia ó Tribunal Galego de Apelación.

### **Artigo 10.3 -**

Os parques de espera ou reagrupamento serán abertos.

### **Artigo 11. Parque pechado.**

**Artigo 11.1.** En caso de que o organizador efectúe o día anterior á carreira as verificacións administrativas e técnicas, deberá prever un espazo de parque pechado e vixiado, dende que o remate das verificacións ata o momento de iniciar a carreira.

Se este parque estivese nunha zona lonxe do circuíto que obrigase a utilizar estradas abertas ao tráfico, o organizador deberá guiar ós participantes en caravana ata o trazado sempre e cando os vehículos non sexan transportados en remolques; en tal caso, poderán facelo libremente dentro dos horarios establecidos no regulamento particular.

Non se podera sacar o os vehiculos do parque pechado final de proba ata que se faga publica a clasificacion final oficial.

### **Artigo12. MEGAFONÍA.**

O organizador poderá instalar no circuíto un sistema de megafonía adecuado coa dobre finalidade de dar as correctas instrucións aos participantes e a debida información ao público no transcurso da proba.

Ademáis disporase dun mínimo de 10 talkis para a comunicación entre os oficiais da proba.

### **Artigo 13. EQUIPOS INFORMÁTICOS.**

O organizador disporá dos medios informáticos, dous ordenadores e unha impresora, necesarios para que se poidan realizar as clasificacións, tanto a final xeral, como polas clases constituídas.

Ao finalizar a proba deberase entregar a cada participante e medios de comunicación as clasificacións finais oficiais.

Estes equipos informáticos deberán estar a disposición dos oficiais da proba para que poidan realizar as actas correspondentes.

### **Artigo14. TABOLEIRO DE AVISOS.**

O organizador deberá colocar un taboleiro de avisos no que ademais de pór toda a documentación esixida, deberá por un plano detallado da situación das zonas coa súa numeración correspondente e a orde





de paso dos vehículos unha vez efectuado o sorteo.

**Artigo15.**

Antes do comezo das verificacións e por causas xustificadas de forza maior, o concursante poderá solicitar por escrito o cambio de copiloto. Tamén pode ser solicitado o cambio de vehículo sempre e cando sexa do mesmo grupo no que figuraba inscrito.

**Artigo16.**

Un copiloto só poderá inscribirse nun só equipo participante.

**Artigo17. CLASIFICACIÓN DA PROBA.**

**Artigo 17.1.**

Gañará a carreira o participante que teña maior cantidade de puntos obtidos durante o transcurso das distintas zonas para a xeral scratch ou por clases.

**Artigo 17.2.**

En caso de empate, gañará aquel equipo que realice maior número de zonas completadas.

Se persiste o empate, o vencedor será aquel que realice o menor tempo na suma do conxunto das zonas.

**Artigo 18 - PUNTUACIONES.**

**18.1.-** Despois de cada proba puntuable e para cada unha das clases, serán atribuídos uns puntos ós condutores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º
5	4	3	2	1

**18.2.-** Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13º	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

Outorgaráselle un punto a todos os que finalicen a proba.

**18.3.-** Os puntos obtidos de acordo co indicado nos apartados 18.1. e 18.2. serán sumados o total da proba considerada.



Se algún regulamento prevé clasificación distintas das anteriores, soamente se terá en conta as clasificacións, que o presente Regulamento establece.

**18.4.-** Para os Campionatos de Galicia do grupo P, PM, M, obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a ditos grupos e dela outras para cada unha das divisións admitidas.

## **Artigo 19 - CLASIFICACION XERAL DO CAMPIONATO**

19.1.- A clasificación final do Campionato e da Copa de Galicia de Todoterreo serán establecidas entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas (que acatase o Anexo I do Anuario 2023) igual á metade das probas celebradas máis unha.

19.2.- Para a clasificación final do Campionato e da Copa de Galicia de Todoterreo, reteranse e sumaranse os resultados de todas as probas celebradas menos unha.

## **Artigo 20 - EMPATES.**

1.-) Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.

2.-) De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

## **Artigo 21- PREMIOS E TROFEOS.**

Ó final da tempada previo escrutinio dos resultados outorgaranse os seguintes galardóns:

### **COPAS DE GALICIA DE TRIAL 4X4**

Campión Grupo "P".....	Trofeo de Bronce
Campión Grupo "PM".....	Trofeo de Bronce F.G.A.
Campión Grupo "M".....	Trofeo de Bronce F.G.A.
Campión Copilotos.....	Trofeo de Bronce F.G.A.

## **Artigo 22.-REGULAMENTO PARTICULAR PRESCRICIÓN S COMÚNS**

**22.1-**Sera presentado debidamente cumprimentado na F.G. de Automobilismo cunha antelación de alomenos 60 días hábiles antes da data da celebración.

**22.2-**O peche de inscricións realizarase, con data límite, tres días antes do principio das verificacións, publicándose a relación de inscri-



tos e o orden de saída proposto polo Organizador, ó menos tres días antes do inicio da proba.

**22.3-** O organizador deberá facer constar clara e inequivocamente en dito documento:

O carácter dos parques; horario de citación dos Concursantes as verificacións técnicas e administrativas ademais do lugar da mesma; cantidade, situación e carácter da publicidade contratada polo Organizador e tódolos datos sobre inscricións.

### **Artigo 23.- CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE TODOTERREO.**

DATA	PROBA	COEF	ESCUDERÍA
------	-------	------	-----------

